

INFORME

ASUNTO: cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria das contas anuais de 2015.

En relación ao que establece o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais; vixente en tanto non contradiga a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e polo que atinxe á Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA), informar o que segue:

1. Que TUSSA é unha sociedade de capital 100% municipal que se financia maioritariamente con ingresos comerciais, polo tanto é de aplicación o artigo 4.2 do Regulamento de Estabilidade Presupostaria (RD 1463/2007) que indica: as restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantiles e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación.

Neste mesmo sentido exprésase a Lei Orgánica 2/2012, que no artigo 3.3 recolle que en relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 da Lei (sociedades mercantís) entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

2. Pola súa parte, o artigo 24.1 do RD 1463/2007 considera que as entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.2 do Regulamento (como é o caso de TUSSA), atópanse en situación de desequilibrio financeiro cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte de aplicación, incorran en perdas, cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade do artigo 4.1 a quen corresponda aportalos.
3. Que as contas correspondentes a 2015, formuladas en Consello de Administración de 31 de marzo, presentan un resultado despois de impostos de 62.230,79 € de beneficio. Con este resultado, a Sociedade non require da dotación de recursos non previstos no escenario do Concello, entidade á que correspondería aportalos.
4. Achégase copia da conta de perdas e ganancias, na que se recollen os resultados do exercicio de referencia.

5. En canto ás operacións con partes vinculadas, é dicir, co Concello de Santiago, a única transacción realizada consiste no arrendamento de espazos na estación de autobuses para o uso por parte do Concello a prezos de mercado. O importe ascendeu en 2015 a 79.491,48 €.
6. Ao obxecto de aportar maior información, detállase a continuación o cálculo aproximado do aforro bruto, que para unha sociedade mercantil pública sometida ao PGC se calcula a partir dos datos recollidos na conta de perdas e ganancias, exceptuando determinados ingresos e gastos de acordo co que recolle a *Guía para o cálculo do aforro bruto* publicada polo Ministerio de Economía e Facenda.

No caso da conta de Perdas e Ganancias das contas de 2015, as excepcións para o cálculo do aforro bruto correspóndense coas seguintes partidas:

- Dotación ás amortizacións

Polo tanto, o esquema do cálculo do aforro bruto queda como segue:


= Resultado da explotación (segundo a PyG)	81.431,08 €
+ Dotación ás amortizacións	50.940,16 €
= Resultado da explotación (cálculo aforro bruto)	132.371,24 €
+/- Resultado ingresos/gastos financeiros	1.563,28 €
= Resultado AFORRO BRUTO	133.934,52 €

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2016

O director xerente,

Asdo./José Ramón Mosquera Ferreiro



CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES **CORRESPONDENTE AO EXERCICIO REMATADO A 31/12/2015**

(DEBE/HABER)	NOTAS DA MEMORIA	31/12/2015	31/12/2014
1. Importe neto da cifra de negocios		1.272.934,02	1.252.078,87
5. Outros ingresos de explotación		112.460,03	100.972,01
6. Gastos de persoal	nota 10-1	-827.985,59	-793.127,14
7. Outros gastos de explotación	nota 10-2	-423.915,20	-448.050,04
8. Amortización do inmovilizado	nota 5	-50.940,16	-49.145,52
11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado	nota 5	0,00	-507,63
12. Outros resultados	nota 10-3	-1.122,02	5.873,49
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN		81.431,08	68.094,04
13. Ingresos financeiros		1.563,28	2.099,19
B) RESULTADO FINANCEIRO		1.563,28	2.099,19
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		82.994,36	70.193,23
18. Imposto sobre beneficios	nota 9	-20.763,57	-17.548,31
D) RESULTADO DO EXERCICIO		62.230,79	52.644,92